



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento 2º trimestre 2026

EDICTO

Aprobación padrón da taxa polo abastecemento de auga correspondente ao 2º trimestre de 2026

Por Resolución da Alcaldía, núm. 748 do 15.07.2026 aprobouse o Padrón fiscal da taxa polo abastecemento de auga correspondente ao segundo trimestre de 2026.

O citado padrón quedará exposto ao público nas oficinas xerais do Concello durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do presente edicto para que as persoas interesadas poidan examinalo e no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

PAZO DE INGRESO: O prazo de ingreso en período voluntario será ata o 31 de outubro de 2026. O cargo dos recibos domiciliados terá lugar o 18.08.2026.

LUGAR DE INGRESO: na entidade bancaria colaboradora ABANCA.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo. Iniciado o período executivo, a recadación efectuarase polo procedemento de constrinximento e devengarase os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento no período voluntario do canon da auga da Xunta de Galicia suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Contra o acto de aprobación do citado padrón e as liquidacións que do mesmo se derivan, poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no art. 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

A publicación deste anuncio, produce efectos de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e de anuncio de cobranza segundo o disposto no art. 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

En Vedra, a 15 de xullo de 2026

O ALCALDE,

Carlos Martínez Carrillo

2026/4807